

Excmo. Sr. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza
de Galiza

Compostela, 19 de Xullo 2010

Estimado Presidente:

EsCuLcA é unha Asociación galega dedicada a colaborar na implantación e respecto dos dereitos e liberdades públicas garantidas na Constitución e nos tratados Internacionais. Teña a ben pois, recibir a nosa opinión sobre algo que atinxe os nosos obxectivos estatutarios.

Referimo-nos ao feito de termos observado en anteriores conmemoracións do día 25 de Xullo que presidentes dese Tribunal acoden a participar, nesa condición, na oferenda ao apóstolo Santiago.

A oferenda leva-se a efecto nun templo relixioso católico e no seo dun acto litúrxico desta relixión. É pois un acto relixioso católico, que con a presenza institucional de Presidente do TSXG, aínda non sendo a única, cobra unha dimensión ou categoría de acto relixioso público. E nese acto litúrxico todos os anos unha autoridade civil pon a Galiza ao dispor dun hierarca da relixión católica, ou do seu deus, sen ter título nen atribucións para iso, como se fose “amo” de nós. Non por ser unha arrogancia tradicional deixa de ser unha impostura, contraria à Constitución e à aconfesionalidade do Estado.

Como ben sabe V., o Estado español é aconfesional: “ningunha confesión terá carácter estatal”. A aconfesionalidade implica “un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa”, principio que veda “calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais”, civis. Deste punto de vista, a neutralidade do Estado obriga o funcionario a prohibir-se a si propio calquer concorrência, xunto con os cidadáns, en cualidade de suxeito de actos ou actividades de signo relixioso.

V. ven ser actualmente o máximo representante do Poder Xudicial na Comunidade Autónoma, e membro da propia xudicatura española. Mesmo por iso, resulta sabedor de que os membros da xudicatura son os últimos e definitivos garantes dos dereitos e liberdades públicas e dos valores constitucionais. Se Vs. fallaren nesa función de garantía, os cidadáns non teríamos outra instancia de apelación democrática e por canais democráticos para mantermos o pacto constitucional nas institucións públicas, e o estatuto persoal que este nos confere, tanto no ámbito persoal e privado, como non ámbito público. Así as cousas, os cidadáns tamén temos o dereito a interpelá-los e a esixir-lles que respondan da función e potestade que teñen atribuída constitucionalmente.

Decerto comparte con nós a convicción de que o poder xudicial ten de cumprir dun xeito especial aquela función de garantía fronte os outros poderes do Estado, executivo e lexislativo,

a respecto dos cais goza de completa independencia e separación, tendo que “submeter todos os poderes públicos ao cumprimento da Lei”.

Estas breves consideracións levan-nos ao que segue.

En primeiro lugar, a trasladar-lle a nosa séria e rigorosa crítica pola pretérita presenza institucional no acto relixioso do que falamos.

En segundo lugar, a esixir-lle, como cidadáns, que non participe institucionalmente na próxima e xa imedita oferenda ao Apóstolo. Aínda máis, instamo-lo a exercer as súas facultades governativas institucionais para que doravante nengun Presidente do Tribunal de Xustiza nen funcionario público da xustiza participe institucionalmente en actos ou manifestacións relixiosas. Pensamos, honestamente, que é un débito contraído pola súa responsabilidade para con a sociedade.

En terceiro e derradeiro lugar, a solicitar-lle que, de non compartir o rigor e acerto dos nosos fundamentos, teña a ben dar-nos razóns da súa decisión en sentido contrario. Ben está, nunha sociedade democrática, que un cargo público dignamente interpelado responda dignamente ao grupo social interpelante.

Mui atentamente, en representación de EsCULcA o seu Presidente,

Fernando Martínez Randulfe